

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

*DECRETO 46/2025, do 9 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2026.*

O artigo 37.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito estatal, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas destas festas de ámbito estatal, as comunidades autónomas teñen facultades de opción e tamén poderán substituír, cando haxa festas estatais que coincidan con domingo, e incorporar outras da comunidade autónoma que lles sexan tradicionais.

Conforme o referido anteriormente, e facendo uso das facultades de opción e substitución, óptase polo 25 de xullo, festa de Santiago Apóstolo, como Día Nacional de Galicia. Por coincidir en domingo o día 1 de novembro, día de Todos os Santos, substitúese polo día 19 de marzo, San Xosé, e o día 6 de decembro, día da Constitución española, substitúese polo día 24 de xuño, San Xoán.

Segundo o establecido na Constitución española e no artigo 29.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia, na súa virtude e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do nove de xuño de dous mil vinte e cinco,

**DISPOÑO:****Artigo 1. Festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026**

De non se producir modificacións no calendario laboral de carácter estatal, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 serán as seguintes:

1 de xaneiro

Aninovo

6 de xaneiro

Epifanía do Señor (día de Reis)



|                |                          |
|----------------|--------------------------|
| 19 de marzo    | San Xosé                 |
| 2 de abril     | Xoves Santo              |
| 3 de abril     | Venres Santo             |
| 1 de maio      | Festa do Traballo        |
| 24 de xuño     | San Xoán                 |
| 25 de xullo    | Día Nacional de Galicia  |
| 15 de agosto   | Asunción da Virxe        |
| 12 de outubro  | Festa Nacional de España |
| 8 de decembro  | Inmaculada Concepción    |
| 25 de decembro | Natividade do Señor      |

As festas mencionadas terán carácter obrigatorio e non recuperable.

#### Artigo 2. *Festas locais*

Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da dirección territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 3. *Cómputo de prazos*

De acordo co que dispón o artigo 30.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as festas laborais sinaladas no artigo 1 terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

Disposición derradeira primeira. *Comunicación ao Ministerio de Traballo e Economía Social*

Do disposto no presente decreto darase traslado ao Ministerio de Traballo e Economía Social antes do 30 de setembro de 2025.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto producirá efectos desde o día un de xaneiro do ano dous mil vinte e seis.

Santiago de Compostela, nove de xuño de dous mil vinte e cinco

José González Vázquez  
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

CVE-DOG: znklecd5-vu54-5yj3-zpb9-xuo5fbr1yc56

